



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A **FUNDACIÓN ANADE** PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESENVOLTAS CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO ANO 2016.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación ANADE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento dun programa creativo de obradoiros de teatro e escritura desenvolto por persoas con discapacidade durante o ano 2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe a organización e desenvolvemento de talleres de teatro, de escritura creativa e tres actuacións do grupo de teatro Pinchacarneiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas a promover a inclusión social das persoas con discapacidade a través da potenciación das súas capacidades e da súa creatividade. Para elo a Fundación ANADE promove e realiza actividades encamiñadas a este fin, a través da arte e da creatividade como medidas eficaces para que as persoas con discapacidade se desenvolvan integralmente como persoas e a sociedade se acostume a ver as capacidades destas persoas.





Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve a Fundación ANADE debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia de inserción social e laboral de persoas de calquera idade en situación de desvantaxe social, fundamentalmente as persoas con discapacidade mediante o desenvolvemento das súas capacidades, fundamentalmente as expresivas de tipo artístico e cultural.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 8 de abril de 2016.

